

“APRENDIZAXE COOPERATIVA: UNHA ESCOLA PARA TODOS”

Sábado 13 de setembro de 2014

Santiago de Compostela

A información recollida no presente documento recolle as respostas dos grupos de traballo postos en marcha durante parte da xornada. A través d aplicación da estrutura 1-2-4, os asistentes tiveron que dar resposta á seguinte cuestión “Redacta a conclusión que destacas da xornada”. Así, primeiro tiveron que facer unha reflexión a nivel individual, logo reflexión por parellas, para finalmente facer unha reflexión en grupos de 4.

As respostas e reflexións en cada un destes momentos quedan recollidas a continuación:

DINÁMICA: ESTRUTURA 1-2-4



REFLEXIÓNS INDIVIDUAIS:

1. Unha metodoloxía integradora e motivadora, tanto para os nenos e nenas como para os mestres. Moi interesante de empregar na aula, no centro e nunha rede de centros.
2. Os alumnos ademais de aprender contidos aprenden HHSS, resolución de conflitos, mellora da conduta e integración, así como a motivación e a propia estima. Favorece o desenvolvemento integral do alumnado (tanto a nivel cognitivo, como social, emocional,...)
3. Na aprendizaxe cooperativa o labor docente é máis motivador e estimulante.
4. Leva consigo un duro traballo inicial por parte do profesorado.
5. Necesidade de innovación metodolóxica para acadar os mellores resultados posibles no proceso ensino/aprendizaxe e recuperar a motivación profesional e polo tanto persoal. Os cambios son necesarios para mellorar.
6. A aprendizaxe cooperativa é unha interesante oportunidade para aprender tanto dos iguais coma xunto aos iguais.
7. É importante para aprender a aprender.
8. Se non se traballa de forma cooperativa e de forma inclusiva, non se aprende ensinando nin se ensina aprendendo.
9. Para que o alumnado aprenda de forma cooperativa, o profesorado ten que traballar tamén de forma cooperativa.
10. É unha metodoloxía que debería ser unha opción do centro escolar escollida polo director/a para que fora eficaz. Unha opción necesaria que debería ser obrigatoria.

- 11.** Queda o reto de pasar de pensar “escola inclusiva” a “sociedade inclusiva” e o de seguir formándose sabendo que a inclusión é un proceso permanente e non un estado. Non vale acomodarse senón investigar e aprender a cooperar e a dialogar de forma cooperativa.
- 12.** Unha metodoloxía de traballo que debería estar baixo o coñecemento e dominio de todo o profesorado.
- 13.** Para levar a cabo nun colexio/aula a aprendizaxe cooperativa e a inclusión é básico o apoio de todos os axentes educativos.
- 14.** Serán imprescindibles unha boa formación e unha boa cooperación entre persoal do centro. Cooperar é contaxioso; e a colaboración entre os diferentes profesionais é fundamental no proceso.
- 15.** Fai aos alumnos responsables e partícipes do proceso da aprendizaxe, pasan de ser suxeitos pasivos que reciben unha información a ser partícipes do todo o proceso da aprendizaxe.
- 16.** Queda moito por aprender cooperando e o reto de contaxiar a todo o profesorado, á familia...
- 17.** Resulta interesante compartir as experiencias para aproveitar delas as dificultades que xorden e como resolvelas, así como os puntos fortes e os beneficios das estratexias que se traballan.
- 18.** Permite que tódolos alumnos participen nos mesmas actividades aínda que sexa de maneira diferente.
- 19.** O enriquecemento persoal e colectivo que se obtén do traballo cooperativo é aplicable a todos os ámbitos da vida diaria.
- 20.** Mellorar na inclusión é mellorar a sociedade.
- 21.** Require un pleno compromiso e convicción nesta modalidade de aprendizaxe.
- 22.** Traballar de forma cooperativa é educar de forma integral ao neno e preparalo para formar unha sociedade distinta.
- 23.** A estrutura cooperativa é diferente ao traballo en equipo, nun traballo con estrutura cooperativa todos teñen un rol que é fundamental para o equipo.
- 24.** A aprendizaxe cooperativa soe ser confundida co traballo en equipos, o cal fai que a primeira sexa aínda unha descoñecida.
- 25.** A inclusión deixa de ser unha utopía, é unha realidade.
- 26.** Se se emprega a aprendizaxe cooperativa na aula SEMPRE se obtén algún resultado positivo. As aprendizaxes serán máis significativas porque son eles os que constitúen as aprendizaxes.
- 27.** Novas pistas para traballar os contidos na aula.
- 28.** A aprendizaxe cooperativa, unha realidade que interesa a todos, ou a moita xente.
- 29.** Xornada moi enriquecedora, chea de exemplos que son de gran axuda para levar a cabo nas aulas. Tamén serve de consolo saber que en ocasións se atopan dificultades pero que coas postas en común poden mellorar todos (mestres, alumnos,...)

- 30.** Moi boa a organización.
- 31.** Unha boa xornada de formación da aprendizaxe cooperativa e inclusión para persoas que se senten un pouco “perdidas” neste tipo de metodoloxía innovadora.
- 32.** Os relatores foron moi claros e as experiencias expostas son un exemplo a seguir. É un tema moi amplo e interesante.
- 33.** Xornada completa e intensa. Destaca a exposición da tarde polas experiencia prácticas que aportan ideas e técnicas para levar a cabo na aula cos meus alumnos. Motivación para iniciar esta experiencia de inclusión na clase.
- 34.** Xornada intensiva pero produtiva, reflexiva e moi interesante para traballar na aula cos pequenos e para integrar ao alumnado con NEAE.
- 35.** Moi interesante o proxecto AC/CA. Pero o resto da xornada resultou moi repetitiva e a penas aportou nada novo.
- 36.** Unha xornada con contidos moi enriquecedores pero que podería facerse máis dinámica se tivese máis parte práctica.
- 37.** Como proposta de mellora readaptar os relatorios segundo os contidos, o bloque III fíxose un pouco longo e repetitivo (mesa expertos). A visión da aprendizaxe cooperativa foi unidireccional, visión do docente. Tería sido enriquecedor de ser posible o testemuño do alumnado.
- 38.** Faltaron experiencias en Secundaria.
- 39.** Demasiados relatorios e pouco descanso.
- 40.** Si, pero non só esta técnica, parece que fose a panacea da aprendizaxe. En determinados momentos e con obxectivos claros. Moitas experiencias parecen ser levadas a cabo por ser diferentes, facer algo distinto e novo. Demasiado extensas a exposicións. En exceso!

DINÁMICA: ESTRUTURA 1-2-4



REFLEXIÓNS POR PARELLAS:

- 1.** A aprendizaxe cooperativa facilita a inclusión educativa e o desenvolvemento integral do alumno a nivel social, emocional e académico.
- 2.** Precisa dun duro traballo e formación inicial do profesorado, e da colaboración de todo o equipo docente e de toda a comunidade educativa.
- 3.** A aprendizaxe cooperativa é beneficiosa xa que ademais dos contidos, trabállanse actitudes, valores, normas, diálogo, negociación...o cal favorece un

aumento da propia estima e da motivación de toda a comunidade educativa. Hai un lugar para todos na escola e na sociedade.

- 4.** A inclusión deixa de ser unha utopía polo que é necesaria unha innovación metodolóxica para obter os mellores resultados posibles no proceso de ensino/aprendizaxe. Ao mesmo tempo que ensinamos a aprender de forma cooperativa estamos aprendendo nós mesmos e recuperamos a motivación profesional e persoal.
- 5.** O traballo cooperativo debería ser “obrigatorio” posto que é altamente enriquecedor para todos os membros da comunidade educativa.
- 6.** Mellorar na inclusión é mellorar na sociedade.
- 7.** Esta metodoloxía pódese aplicar en calquera etapa educativa.
- 8.** Fai que os alumnos pasen de ser suxeitos pasivos a suxeitos activos, fomentando a implicación e a responsabilidade ante a súa propia aprendizaxe e a dos demais.
- 9.** Debería ser un elemento a ter en conta na formación do profesorado.
- 10.** Metodoloxía pouco explotada e valorada á hora de formar aos futuros docentes o que xera unha difícil aplicación da mesma. Ofrece grandes resultados no grupo profesorado e do alumnado grazas á participación de toda a comunidade educativa evitando a exclusión.
- 11.** Falta formación, implicación do centro e firme convencemento persoal.
- 12.** O traballo cooperativo implica un cambio de mentalidade non só a nivel alumnado senón a nivel docente, familia, comunidade...É unha constante aprendizaxe.
- 13.** Xornada enriquecedora, con relatorios prácticos, pero precísanse máis exemplos para levar a cabo en secundaria xa que a recompensa (notas) non sempre será positiva a corto prazo.
- 14.** A experiencia desta xornada fai reflexionar sobre a importancia da misión e da implicación real dos educadores, que axudan a cambiar a sociedade.
- 15.** Xornadas de formación e reflexión (sobre todo persoal) que deberían ser obrigatorias para calquera profesional vinculado coa educación. Esta metodoloxía, aínda que sexa difícil de instaurar e levar a cabo (por todo o traballo que supón) ten moitas máis vantaxes que outras e tamén é esencial por todo o enriquecemento que aporta ao alumnado e aos profesorado (axentes educativos.)
- 16.** Foi unha xornada moi positiva e para a inclusión é un bo método pero falta o marco teórico de AC/CA para entender mellor algúns termos e experiencias que se trataron.
- 17.** Exposicións menos extensas, respectar máis os tempos de exposición e máis dinámicas. Por outro lado, o contido foi bastante completo para un só día.

DINÁMICA: ESTRUTURA 1-2-4



REFLEXIÓNS GRUPAIS:

1. A aprendizaxe cooperativa é moi potente para acadar a inclusión na escola, clave para chegar á inclusión na sociedade.
2. A aprendizaxe cos nenos/as debe ser progresiva e continuada comezando desde Infantil ata Secundario.
3. Necesidade de formación e apoio ao profesorado. Coordinación e implicación do profesorado. Continuidade no tempo de traballo coa A.C. Avaliación do proceso e aspectos a mellorar.
4. A aprendizaxe cooperativa é unha metodoloxía motivadora que favorece a inclusión e que fomenta a participación do alumnado con NEAE e a motivación dos docentes. Para poñelo en práctica hai que cambiar a mentalidade de ensino, asumindo futuros erros.
5. A inclusión deixa de ser unha utopía. Precisa dun duro traballo e formación inicial do profesorado así como da colaboración de toda a comunidade educativa. Ademais dos contidos trabállanse actitudes, valores, normas, diálogo...o cal favorece un aumento da propia estima e a motivación de toda a comunidade educativa tendo un lugar para todos na escola e na sociedade.
6. A aprendizaxe cooperativa é eficaz en tódalas etapas educativas xa que é incide no ámbito social, no emocional e no académico. A cooperación entre os propios alumnos resulta máis eficaz que o apoio do propio mestre.
7. Necesidade de formación, maior implicación do centro e firme compromiso persoal con esta metodoloxía.
8. Xornada moi produtiva, aínda que falta o marco teórico do programa CA/AC para entender mellor o tema que se tratou. Sen embargo, do que se saca destas intervencións, parece que é un método que xera grandes beneficios tanto para o profesor coma para o alumno, e este pode ser aplicado na vida diaria de todos e todas. Debería ser un elemento a ter en conta na formación do profesorado.
9. Hai moito medo e descoñecemento por parte dos profesionais, por iso estas xornadas son imprescindibles para a formación de todos os profesores, aínda que deberían ser máis prácticas e con exposicións máis curtas e dinámicas.
10. As experiencias foron moi enriquecedoras e inspiradoras.